

ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ

Ordenanza municipal na que se recollen unha serie de recursos específicos para a veciñanza de Santiago de Compostela que se atopa en situación de vulnerabilidade social. Pretende dar cobertura económica á falta temporal de ingresos, en especial por ausencia dun emprego estable e digno ou polo esgotamento da prestación de paro, mantendo un nivel mínimo de ingresos que permitan cubrir as necesidades básicas da cidadanía.

Tipoloxías das prestacións**Renda de garantía básica cidadá**

Prestación económica, cunha duración de 12 meses (existindo posibilidade de prórroga por outros 12 meses) e vinculada a un itinerario de inclusión cidadá, prevista para persoas en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social.

Prestacións de rescate social

Conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual destinadas a atender situacións de urxencia que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte á súa cobertura.

- Necesidades básicas: manutención, aloxamento, formalización de novo contrato.
- Habitabilidade, pobreza enerxética e equipamento: débedas por pobreza enerxética, débeda de comunidade, débeda por aloxamento, altas de contratos de subministración enerxética (luz e gas), equipamento (mobilierio, electrodomésticos).
- Complementarias á dependencia e/ou á discapacidade: axudas técnicas, próteses auditivas, próteses oculares.
- Fomento do dereito á educación para estudos non obrigatorios: escolarización non obligatoria de 0-6 anos, estudos non universitarios, estudos universitarios ou de

- postgrado, transporte interurbano, complemento de manutención.
- Saúde bucodental: limpeza, empastes, endodoncias, próteses.
- Outros gastos excepcionais.

Requisitos das persoas solicitantes

- Estar empadroada no termo municipal de Santiago de Compostela (mínimo con tres meses de anterioridade á solicitude).
- Idade: mínimo 18 anos.
- Precariedade económica: ingresos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes, no ano 2018), pero que varían segundo a prestación e o número de membros da unidade de convivencia.
- Subsidiariedade: sempre se optará por recursos estatais e autonómicos; no seu defecto, aplicaranse as prestacións municipais.

EXENCIÓN DE COTA DE AUGA, LIXO E SANEAMENTO

Bonificacións específicas para o pago dos recibos da auga, saneamento e lixo destinadas a persoas onde a unidade familiar dispón duns recursos económicos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes, renda per cápita).

Requisitos das persoas solicitantes

- Estar empadroada no termo municipal de Santiago de Compostela.
- Ter ingresos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes, no 2018) computados en renda per cápita.

Os Servizos Sociais Comunitarios poden atoparse nos seguintes Puntos de Atención (PASS):**Centro Municipal de Servizos Sociais**

Rúa de Isaac Díaz Pardo 2-4, Galeras
Tél. 981 542 465
psociais.diversidades.saude@santiagodecompostela.gal

PASS CABES

Rúa de Manuel María 6, Salgueiriños
Tél. 981 542 471
passcabes@santiagodecompostela.gal

PASS FONTIÑAS

Rúa Berlín 13, Fontiñas
Tél. 981 528 750
passfontinas@santiagodecompostela.gal

PASS ENSANCHE

Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16
Tél. 981 543 001
passensanche@santiagodecompostela.gal

PASS CONXO

Rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16
Tél. 981 543 001
passconxo@santiagodecompostela.gal

Cita previa:

Tél. 981 542 465
http://citapreviass.santiagodecompostela.gal

**SOCIAL**
SERVIZOS SOCIAIS
COMUNITARIOS**Coa veciñanza**

- Para escoitar as demandas.
- Para analizar as dificultades e mobilizar os recursos sociais necesarios.
- Para mellorar a calidade de vida.

**BONOBUS**

Bonificacións específicas para o uso do transporte público municipal dirixidas a pensionistas, persoas con discapacidade ou aquelas que dispoñan duns ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional (735,90 €/mes, no ano 2018).

Modalidades

- Xubilados/as e pensionistas menores de 65 anos.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas con carencia de recursos.

Requisitos das persoas solicitantes

- Pensionistas:
 - *Estar empadroado/a no Concello de Santiago de Compostela.
 - *Ser pensionista.
- Persoas con discapacidade:
 - *Estar empadroada no Concello de Santiago de Compostela.
 - *Ter recoñecida unha discapacidade do 33% ou máis.
- Persoas con carencia de recursos:
 - *Estar empadroada no Concello de Santiago de Compostela.
 - *Que os recursos económicos totais da unidade familiar de convivencia sexan iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional (735,90 €/ano).

SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Servizo municipal que atende ás persoas no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Poderá prestarse a calquera persoa que o necesite pero, de xeito particular vai dirixido a persoas maiores, con déficits de autonomía ou con discapacidades.

Atencións que se poden prestar**De carácter básico:**

- Atencións de carácter persoal: apoio para erguerse e deitarse, no coidado, hixiene persoal e vestuario, axuda para alimentarse, supervisión da administración de medicación simple, apoio para cambios de postura e mobilizacións, entre outras.
- Atención de carácter doméstico e da vivenda: limpeza e mantemento da vivenda, compra de alimentos e outros produtos, preparación de alimentos, lavado das prendas de vestir, entre outras.
- Acompañamento persoal: para realizar trámites urxentes e xestións.
- Atencións de carácter educativo: coa finalidade de desenvolver capacidades persoais básicas, mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

De carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, servizo de préstamo de axudas técnicas, servizo de podoloxía e peiteado, entre outras.

Requisitos das persoas solicitantes

- Estar empadroada e residir no municipio de Santiago de Compostela.
- Que a unidade técnica de Servizos Sociais valore cal é o recurso idóneo para aplicar.

Modalidades de acceso ao servizo

- Persoas que teñen recoñecida unha situación de dependencia: o acceso será prioritario. Neste caso, tanto a valoración da situación de dependencia como a resolución do programa individual de atención (PIA) corresponden á Xunta de Galicia.
- Libre concorrència: persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia ou non teñen dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia. Neste caso, son as traballadoras sociais do Concello quen fai a valoración técnica e determinan a necesidade deste servizo.

SERVIZO DE TELE ASISTENCIA

Servizo de atención telefónica ininterrompida que consta dunha unidade de alarma (medallón ou pulseira) que leva a persoa, un terminal telefónico e unha central informatizada, receptora de chamadas, situada no centro de atención.

En que consiste

De fácil uso, con só premer un botón, un equipo de profesionais, operativo as 24 horas e os 365 días do ano, accede aos teus datos de saúde e persoais e xestiona os recursos necesarios en caso de emerxencia.

Dirixido a persoas maiores ou con discapacidade que pasan moito tempo soas no seu domicilio.

Requisitos das persoas solicitantes

- Estar empadroada e residir no municipio de Santiago de Compostela.
- Que a unidade técnica de Servizos Sociais valore cal é o recurso idóneo para aplicar.

BOLSAS MUNICIPAIS PARA GASTOS ASOCIADOS Á EDUCACIÓN

Son bolsas para axudar cos gastos de comedor, compra de material escolar e actividades extraescolares que se adxudican ás unidades de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e primaria, matriculadas ou con reserva de praza para o curso 2018-2019.

Tipoloxía e contía das bolsas**Bolsas por escaseza de recursos económicos:**

- Comedor: ata 90 €/mes.
- Actividades extraescolares: ata 30 €/mes.
- Material escolar para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil: 60 € (pago único).

Bolsas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades de convivencia:

- Comedor: 45 €/mes.

Requisitos das persoas solicitantes**Comúns, para as dúas modalidades**

- Estar empadroadas cos menores en Santiago de Compostela.
 - Ser a persoa proxenitora, ter a tutoría legal, ser acolledor/a ou ter recoñecido un permiso de convivencia.
 - Ter reservada praza para o curso 2018/2019.
- Específicos para as bolsas por escaseza de recursos**
- Non ter unha renda per cápita superior a 6.454,08 €/ano.
 - Alcanzar un mínimo de 10 puntos na aplicación do baremo.
 - No caso das bolsas de actividades extraescolares, a persoa

menor debe contar con praza e presentar a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal ou polo rexistro xeral unha certificación de que está matriculada nelas, na que conste o nome da entidade que as imparte, o da actividade, o seu prezo e o período de realización. O período para presentar este documento rematará o 10/10/2018

Específicos para as bolsas de conciliación

- Non superar a renda máxima familiar anual de 22.589,28 €.
- Acreditar a xornada laboral de ambos cónxuxes, titores/as, parellas de feito ou soamente da persoa solicitante no caso de separacións, divorcios e familias monoparentais.

SERVIZO SOCIO EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR

Servizo de apoio educativo-familiar e terapéutico prestado por profesionais da educación familiar e da psicoloxía, dirixido a persoas con dificultades na relación coas súas fillas ou fillos ou que precisan pautas para temas educativos e de desenvolvemento persoal.

Obxectivos que persegue

- Promover a adquisición de habilidades para o correcto desenvolvemento das funcións parentais e educativas.
- Poñer ao dispor das familias información sobre os recursos sociais, educativos e de lecer en relación coas posibilidades do contorno.
- Promover espazos de encontro de nais e pais enfocados á mellora das capacidades educativas.
- Previr e atender situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social.

AXUDAS PARA USAR O SERVIZO DE TAXI**Persoas beneficiarias**

- Persoas que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade.
- Persoas que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75%.
- Persoas maiores de 65 anos ou con discapacidade recoñecida –sen valoración de dificultade para a mobilidade– que residan no medio rural do Concello de Santiago de Compostela con menor frecuencia de liñas de transporte público.

Requisitos das persoas solicitantes

- Estar empadroada no Concello de Santiago de Compostela.
- Cumprir un dos seguintes requisitos:
 - *Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33%, e mobilidade reducida que impida ou dificulte gravemente o emprego de transportes públicos colectivos.
 - *Ter recoñecida algún tipo de discapacidade e residir na zona do rural.
 - *Ter 65 anos ou máis e residir na zona do rural.
- Non dispor duns ingresos superiores ao 300% do IPREM vixente anual (19.362,24 €/ano).

Contías máximas que se conceden

- Ata 9.681,12 €/ano ➔ 350 € (pago único).
- Máis de 9.681,13 € e ata 16.135,20 €/ano ➔ 250 € (pago único).
- Máis de 16.135,20 € e ata 19.362,24 €/ano ➔ 150 € (pago único).